



## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Eva Solla Fernández e Juan Manuel Fajardo Recouso**, deputada e deputado pertencentes ao Grupo parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relacionada coa ampliación do hospital do Salnés.

Anos de promesas incumpridas por parte do Partido Popular relativas á necesaria ampliación do Hospital do Salnés non semellan suficientes para que a mesma remate en boas condicións para traballadores, traballadoras, persoas usuarias e a Sanidade Pública en si mesma.

Houbo que agardar ao verán de 2014 para que a Xunta de Galicia licitase a construción. Licitación que deixaba en mans privadas a provisión enerxética e de servizos. Licitación que fixaba un prazo de execución das obras de 27 meses sen posibilidade de prórrogas. Prazo que coma AGE xa denunciou fai un ano, chocaba frontalmente cos prazos de aproveitamento dos fondos europeos (FEDER 2007-2013) dos que se dispón para financiar o 80% da ampliación do hospital. Ditos fondos teñen un prazo máximo de execución que remata o 31 de decembro do actual ano.

A Consellería de Sanidade adicouse a lanzar mensaxes equívocas sobre a data de finalización das obras, ofrecendo ata catro respostas diferentes sobre a finalización das obras ou a provisión dos fondos.

O Grupo Parlamentar de AGE solicitou datos e explicacións por parte da Xunta en diversos plenos e comisións parlamentares. Explicacións bastante ambiguas que non se traduciron en datas reais de acometida de cada fase en relación aos fondos FEDER e que no caso da única previsión ofrecida nin sequera se cumpriron, xa que a Conselleira Mosquera afirmou as obras se iniciarían antes de finalizar 2014 e nin tan sequera foi publicada no DOG a licitación da empresa construtora ata xa entrado o presente ano 2015.

Así as cousas, na última visita realizada por este grupo ao Hospital, as obras ofrecían un considerable retraso, sobordado con creces o ecuador do ano, limitándose tan só ao esqueleto do novo edificio e xerando un novo problema do tamén este grupo tiña advertido o pasado ano: a falla de aparcamento.

Ante isto, o grupo parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda** formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Que explicación da a Consellería de Sanidade ante o retraso evidente das obras?
- 2.- Como pensan cumprir coa execución dos fondos FEDER se quedan só catro meses para que o 80% da obra debера estar rematada? ¿En que condicións de calidade se van a acometer?
- 3.- Tendo en conta que o inicio das obras foi en marzo de 2015 e que segundo o proxecto teñen unha duración de 27 meses, Como explican que supostamente a acometida de só un 20% vaia ter unha duración de 17 meses?
- 4.- ¿É o aparcadoiro de pago -privatizado- a solución de aparcamento da que pensan dotar ao centro? Nese caso, ¿pensan adoptar o nefasto modelo e prezos do Novo Hospital de Vigo?

Compostela, 24 de Agosto do 2015

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 24/08/2015 09:13:58**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 24/08/2015 09:14:04**